

RESOLUCIÓN REITORAL SOBRE ADECUACIÓN DO ORZAMENTO PRORROGADO AO ORZAMENTO APROBADO PARA O EXERCICIO DE 2016

Por Resolución reitoral do 29 de decembro de 2015, acordouse prorrogar o orzamento de 2015 ao exercicio de 2016, como consecuencia do proceso electoral desenvolvido no mes de decembro e da toma de posesión do novo equipo reitoral.

Nos primeiros meses do presente ano, iniciáronse os traballos de elaboración do novo ornamento para 2016, cuxas liñas xerais, recibiron o apoio por parte do Claustro universitario na súa reunión do 30 de marzo de 2016. O anteproxecto foi informado favorablemente por acordo do Consello de Goberno do 14 de abril de 2016 e aprobado definitivamente polo Consello Social o 21 de abril de 2016, segundo o resumo seguinte:

INGRESOS	2016	GASTOS	2016
Capítulo III: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.344.830,48	Capítulo I: Gastos de persoal	88.383.430,83
Capítulo IV: Transferencias correntes	85.256.622,57	Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos	15.263.549,5
Capítulo V: Ingresos patrimoniais	335.000,00	Capítulo III: Gastos financeiros	58.500,00
Capítulo VII: Transferencias de capital	14.888.806,49	Capítulo IV: Transferencias correntes	2.459.114,76,76
Capítulo VIII: Activos financeiros	495.038,00	Capítulo V: Fondo de continxencia	250.000,00
Capítulo IX: Pasivos financeiros	0,00	Capítulo VI: Investimentos reais	9.155.702,45
		Capítulo VIII: Variación de Activos financeiros	50.000,00
		Capítulo IX: Variación de Pasivos financeiros	700.000,00
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	116.320.297,54	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	116.320.297,54

Tras realizar as operacións de adecuación dos créditos iniciais do orzamento prorrogado aos créditos iniciais do novo orzamento para 2016, esta reitoría,

R E S O L V E:

1. Trámites orzamentarios

Que esta resolución deixe sen efecto a ditada con data 29 de decembro de 2015 e, consecuentemente, proceder á liberación da retención do 60 % que sinalaba a devandita resolución para os créditos con financiamento propio do orzamento prorrogado de 2015 para 2016.

Coa finalidade de garantir unha adecuada execución temporal do orzamento de 2016, determinase aplicar unha retención do 15 % do crédito inicial aos créditos do estado de gastos

con financiamento propio, que se formalizará no sistema informático UXXI-EC mediante unha nova reserva de crédito, que realizará a unidade administrativa encargada da xestión económica do centro de gasto correspondente.

Exceptuaranse destas retencións:

- a) Os créditos iniciais do estado de gastos correspondentes ao Consello Social e os créditos iniciais descentralizados a centros, departamentos e institutos universitarios.
- b) Os créditos do estado de gastos dos capítulos I “Gastos de persoal”, III “Gastos Financeiros”, V “Fondo de continxencia” e IX “Variación de Pasivos Financeiros”
- c) Os créditos do estado de gastos con financiamento finalista (proxectos de investigación, convenios, axudas etc.) segundo as consignacións de crédito que figuran no orzamento 2016.
- d) Aqueles créditos do estado de gastos que están vinculados a compromisos adquiridos previamente a esta resolución e que son consecuencia de contratos de obras e servizos necesarios para o normal funcionamento da Universidade.

A finalidade da retención é acadar unha maior racionalidade na execución dos gastos e da planificación da tesourería da Universidade.

2. Constancia do trámite orzamentario


A unidade administrativa encargada da xestión económica do centro de gasto deberá remitir á Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade unha copia da reserva (expediente) do 15 % do crédito inicial no sistema informático UXXI-EC. Aqueles centros onde non sexa posible facer a dita reserva deberán informar e xustificar motivadamente ante esta vicerreitoría as causas polas que non se efectúa a reserva.

3. Disposicións adicionais

Delégase no vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade a liberación da reserva de créditos que determina esta resolución, dependendo da evolución da execución orzamentaria e a situación da tesouraría.

A Coruña, 30 de maio do 2016

O reitor



Julio E. Abalde Alonso